

Bibliografía (VIII)

Felipe Arias Vilas

Como era de agardar, nestes últimos tempos o conxunto patrimonial do Castro de Viladonga acadou unha crecente e moi notable difusión a todos os niveis e ámbitos. Sen reflectir aquí as múltiples citas e referencias en toda clase de publicacións, de carácter turístico ou de calquera outro tipo (¡mesmo nas Páxinas Amarelas da Telefónica!, vid infra), cada vez mais numerosas, si que se advirte unha maior presenza deste xacemento e dos seus materiais, así como do propio Museo que o apoia, en toda clase de libros, artigos, folletos e ata actas de congresos e reunións científicas e culturais. Algo que, por outra parte, resulta explicable posto que tamén se acrecenta a cantidade de traballos publicados que se centran en calquera dos aspectos científicos ou patrimoniais de Viladonga.

Conforme ó criterio establecido para esta serie, que chega á seu oitavo “capítulo”, recóllense aquí soamente as mencións relativamente importantes e significativas (empezando polas incluídas no anterior número de CROA); esto non quere dicir que sexan sempre as referencias mais extensas, se consideramos que ás veces acadan unha grande amplitude as numerosas e variopintas publicacións de carácter turístico ou similar.

Tamén convén sinalar que, a partir do presente ano 2001, o repertorio bibliográfico comentado e completo sobre o Castro e o Museo de Viladonga, que foi vendo a luz desde o número 1 deste Boletín CROA, pode acharse agora na publicación electrónica e-Castrexo (www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/bviladonga.htm), por mor do enorme interese e esforzo de Enrique Montenegro Rúa, vicepresidente da Asociación de Amigos e webmaster

que guía e difunde o noso labor no mundo da Internet.

* *Un día no Castro de Viladonga*, Lugo 2000, s.p. Trátase dunha publicación a xeito de “conto” didáctico para nenos, feita por Filomena Dorrego (textos) e Marta Cancio (debuxos) e editada en colaboración coas Brigadas do Patrimonio Chairego, que pretende difundir e espallar de modo moi accesible a información global que se ten sobre o Castro de Viladonga e o xeito de vida dos seus ocupantes ó longo dos primeiros séculos do poboado.

* E. J. MONTENEGRO RÚA: “Divulgación arqueológica en Internet: El Castro de Viladonga”, *Croa*, 10, 2000, p.7-10. Atinado resume, feito polo seu incansable *webmaster*, do traballo realizado e os resultados obtidos coa páxina web dedicada ó conxunto de Viladonga e patrocinada pola súa Asociación de Amigos.

* F. DORREGO MARTÍNEZ / A.M^a RUBIERO DA PENA: “Notas para un estudio de público da Exposición temporal “Os traballos artesanais no Castro de Viladonga”, *Croa*, 10, 2000, p.11-15. Breve mostra do que poden dar de seu os estudos centrados sobre o público visitante de museos e exposicións, neste caso coas singularidades dun museo de xacemento e uns materiais e información a cabalo entre a arqueoloxía e a etnografía.

* M^a C. DURÁN FUENTES: “Una revisión de las monedas altoimperiales del Castro de Viladonga”, *Croa*, 10, 2000, p.16-20. As novas aportacións bibliográficas permiten á autora actualizar o estudio destas pezas numismáticas realizado anteriormente, modificando algunhas lecturas e interpretacións pero sen que haxa

que modificar o seu carácter minoritario dentro do conxunto do numerario achado en Viladonga.

* Elena VARELA / César LLANA: “Acerca de la funcionalidad de la zona occidental del barrio norte del Castro de Viladonga”, *Croa*, 10, 2000, p.21-32. Este traballo ven sendo a continuación do publicado no número anterior do mesmo Boletín, cunha análise demorada dos datos existentes sobre os materiais exhumados nesta parte do Castro nas diferentes campañas de escavación, en particular as dos anos setenta.

* F.A.V.: “The terror of Villadonga” ou ‘O Bicho da Charca’: aclarando un misterio”, *Croa*, 10, 2000, p.36-37. Como indica o título deste brevísimo artigo, parece resolverse o feito curioso da cita de Viladonga nunha novela do escritor inglés G. Household, e que tampouco non correspondería ó topónimo igual que pertence a San Tirso de Abres.

* M^a del Mar BÓVEDA LÓPEZ / Matilde GONZÁLEZ MÉNDEZ: “Coñecer os nosos recursos: A experiencia dos miliarios de Lamas (Cualeadro, Ourense)”, *CAPA*, 12, Santiago de Compostela 2000, en especial, p.76 e 86. Neste número especial adicado a “Gestión patrimonial y desarrollo social”, aparecen algunhas referencias, maiormente gráficas, a Viladonga. A este respecto, chama precisamente a atención que, dado o tema monográfico escollido, este xacemento e o seu museo a penas sexan citados máis que de pasada, algo que é relativa e desgraciadamente habitual en certos equipos de traballo e mesmo na administración da que este conxunto patrimonial depende.

* J. Miguel NOVO GÜISÁN: *De Hidacio a Sapiro. Los castros durante la época visigoda y la primera reconquista*, (Deputación provincial Lugo), Lugo 2000, p.51 e passim. Este autor segue na procura de datos e informacións sobre unha época escura como é a transición da Antigüidade ó Alto Medioevo, dedicando aquí especial atención á evolución dos asentamentos rurais fortificados, entre os cales se destaca Viladonga, con materiais que poden chegar ata o século VI.

* Santiago CARRETERO VÁZQUEZ: *El campamento romano del Ala II Flavia en Rosinos de Vidriales (Zamora). La cerámica*, (Diputación provincial Zamora), Zamora 2000, p.539. Neste bo estudio da inxente cantidade de cerámica achada en Vidriales, dentro dos paralelos tipolóxicos menciónanse as pezas de “paredes finas” (da forma I de Melgar de Tera) e algunhas outras de Viladonga, aínda que é de anotar que as referencias bibliográficas non están nin completas nin actualizadas e que, así mesmo e pesía ás veciñas minas de Toxeiros Vellos, sería matizable a afirmación de que este Castro “está enclavado en plena zona aurífera”.

* VV.AA.: “Museo do Castro de Viladonga”, 3 fascículos en *Museos da provincia de Lugo*, coleccionable do diario “El Progreso” (Lugo), Lugo 2001. Estamos diante dunha obra en fascículos moi coidada no aparato gráfico e máis irregular no texto, se ben o dedicado ó Museo de Viladonga (da autoría de Carmen Gallego e cunha

presentación de F. Arias), que foi o primeiro en publicarse e un dos máis extensos, resulta ben acaído e ilustrativo dos obxectivos e contidos deste centro, comprendéndoo tamén na súa relación co Castro.

* VARELA ARIAS, E. / FERNÁNDEZ REQUEJO, M. / LLANA RODRÍGUEZ, J.C.: “La conservación preventiva en el Museo Arqueológico del Castro de Viladonga: experiencias y resultados”, *VI Coloquio Galego de Museos* (A Coruña 2000), A Coruña 2001, p.265-278. O Consello Galego de Museos prosegue o seu labor coa publicación destas novas actas do último Coloquio celebrado ata agora. Nel inclúese esta comunicación relativa ás condicións, parámetros e actuacións en materia de conservación preventiva, cun clarificador estudio das gráficas de temperatura e humidade relativa en distintos ámbitos do Museo do Castro.

* Raquel CASAL GARCÍA / M^a José BÖVEDA FERNÁNDEZ: “O acibeche dende o Megalitismo a Antigüidade no Noroeste da Península Ibérica”, *Gallaecia*, 20, 2001, p.128-129. Dentro deste estudio global de tan singular material, cítanse algúns exemplos galaicos de aneis de acibeche, entre eles os achados no Castro de Viladonga, facendo referencia ó feito de que teñan aparecido tamén pezas deste mineral en bruto.

* *Páginas Amarillas* - Páxinas Amarelas 2001-2002, (Telefónica), p.33-34 e 39. Como é loxico, nunca tal pensáramos en incluír esta publicación

neste repertorio bibliográfico, pero este mesmo feito ben merece un comentario. O conxunto de Viladonga aparece citado e reproducido en varios sitios, en galego e castelán, incluíndo o enderezo da súa web, recomendándose ademais a súa utilización “para nenos”, como unha “divertida e curiosa excursión para os cativos”.

* Inmaculada CASTRO PAREDES: “Las fíbulas del Castro de Viladonga”, *XXVI Congreso Arqueológico Nacional* (Zaragoza 2001). A autora fixo a súa Memoria de Licenciatura sobre fíbulas de castros galaicos, e presentou unha comunicación sobre as de Viladonga no devandito Congreso, do que aínda non temos visto as Actas publicadas. Cítase aquí polo seu indubidable e directo interese, se ben existen outros traballos máis completos a propósito deste tipo de materiais, como o incluído neste mesmo número de CROA.

* *Terra Chá. Guía Multimedia CD*, (Fundación Comarcal Terra Chá), Vilalba-Lugo 2001. Era previsible que algún día tiñan que comezar a aparecer neste repertorio extensas referencias ó conxunto patrimonial do Castro de Viladonga en versións informáticas e non impresas. É o caso deste CDRom, que tamén ten unha versión similar en folleto de grande formato e que contén practicamente os mesmos datos e ilustracións que se poden ver no Punto de Información videotáctil que hai na Sala 0 do Museo. Polo seu carácter de ampla difusión, procede incluír aquí polas extensas mencións e boas reproduccións gráficas que se fan deste sitio.

e-CASTREXO

Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/bviladonga.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/bviladonga.htm>